

## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



DL: C 194-2021



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola SP

Sistema pastoril




Sistema pastoril

MODELO SILVÍCOLA SP

Produción de pasto para gandería extensiva de carne

## 1 CARACTERÍSTICAS XERAIS

- **Especies forestais:** aproveitamento principal por gando vacún, equino, ovino ou caprino.
- **Coberturas:** para a primeira introdución de gando serán necesarios tratamentos de queima controlada, roza por trituración ou esmagamento, introducindo cargas elevadas. A cobertura de matogueira manterase por baixo do 40 % (admisible 50 % en uceiras).
- **Gando recomendable segundo formacións:** o control de toxo, xesta e silvas só se consegue con cabalos e/ou cabras para toxearas e xesteiras, a vaca e/ou cabra son máis recomendables para carqueixal e todos os tipos de gando, para breixeira-carrascal e fenteiras.
- **Cargas iniciais de gando:** recomendable introducir gando lignívoro para un mellor control inicial de especies leñosas. Equivalencia aproximada de cargas para razas galegas: 1 vaca = 1,5 cabalos = 8 cabras = 10 ovellas. Carga inicial de 1 cabalo/ha (breixeira), 1,5 vacas/ha (carqueixal) ou 2 cabalos /ha (toxeiras e xesteiras) ou os seus equivalentes
- **Cargas posteriores á introdución:** cargas anuais de 0,25 cabalos/ha (breixeira), 0,2 vacas/ha (carqueixal) ou 0,3 cabalos /ha (toxeiras e xesteiras) ou os seus equivalentes noutros tipos de gando compatible coa vexetación.



### MODELO SILVÍCOLA SP

**ESPECIE:** formacións de matogueira (breixeiras, uceiras, carqueixal, toxearas, xesteiras e as súas mesturas) e de pastos naturais ou pasteiros en monte

**OBXECTIVO:** produción de pasto para gandería extensiva de carne e conservación dos hábitats de matogueira

**DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:** todos os distritos forestais. Aproveitamento regulado por gando en réxime extensivo de terreos forestais desarborados, aplicando as técnicas da pascicultura e fruticicultura

## 2 TÉCNICAS DE MELLORA E MANEXO DO GANDO

- En Rede Natura 2000 avaliarase o estado de conservación dos hábitats e estarase ao establecido no Plan Director desta.
- **Melloras do pasto:** rozas e manexo do gando para aumentar cobertura e calidade de pasto. Sementeira de pratenses, emendas e fertilizacións. Posible sementeira sen labra.
- **Manexo do gando:** preferiblemente pastoreo rotacional, posible aplicación de pastoreo extensivo.
- **Reforzo da alimentación:** recomendable de forma distribuída. Aplicación recomendada de alimentación de reforzo en zonas con matogueira alta e de difícil acceso.
- **Fomento de empradizamento:** rozadora de martelos. Rotar os tipos de gando para un mellor control de especies de matogueira. Emprego de silo en reforzos de alimentación.
- **Queimas prescritas:** sempre mediante solicitude de queima, débese concentrar nos tres primeiros meses do ano e evitar períodos de alto risco de incendio forestal e coas medidas de seguridade que se establezan desde o distrito forestal.
- **Implantación e manexo de pasteiros:** en áreas mecanizables mediante roza, labra, encalado, fertilización, sementeira de mestura de pratenses e compactado con rodete. Aplicarase a opción da mínima labra en condicións pouco favorables para a labra completa. Aproveitamento con carga suficiente para evitar o crecemento de matogueira.